***Criterios de cualificación da materia de E.P.V.A de 3 º ESO***

Para aprobar a materia é necesario superar todas as avaliacións ou ter unha media dos tres trimestres igual o superior a 5. A nota final será a media das tres avaliacións. No caso de non superar unha das avaliación poderanse facer, se o profesor o dispón, probas de recuperación dos traballos non superados.

Para recalcular a nova nota da avaliación suspensa farase media coa nota de todos os traballos da avaliación (incluíndo os suspensos) máis a nota dos traballos recuperados. Se non se superase o 5 de media, pero os traballos de recuperación estiveran aprobados, a avaliación será aprobada igualmente cunha nota de 5.

**Probas:**

A nota numérica da avaliación farase a partir das medias dos traballos relacionados coa materia. Eses traballos poden ser láminas, pezas modeladas, pequenas probas escritas, traballos no ordenador, etc. Valoraranse a adquisición dos contidos básicos, o esforzo, a presentación, a xustificación do traballo e o feito de entregar ditas probas nos prazos establecidos. En caso de non entregar os traballos nos prazos indicados a nota da proba sería máis baixa, segundo o indicado polo profesor para cada proba. A actitude, o esforzo e o comportamento poderán supoñer ata 10% da nota en cada traballo.